

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

Nº EXPEDIENTE	2023006141
ASUNTO	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE SUBSTITUCIÓN DE MATERIAL DE CUBRICIÓN DO CENTRO INFANTO-XUVENIL AGARIMO E ALMACÉN XERAL DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE
TRÁMITE	Incoación do expediente

A Deputada Delegada do Centro Príncipe Felipe, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP.

ANTECEDENTES

Primeiro.- Ao obxecto de iniciar o procedemento de contratación a fin de adjudicar o contrato e levar a cabo as ditas obras, pola institución provincial, con data de 13/09/2023, foi presentada no Concello de Pontevedra a solicitude de licenza urbanística para a execución da ditas obras.

Segundo.- O Concello de Pontevedra, mediante escrito presentado con data de 19/09/2023 expón que o réxime de intervención aplicable é o de comunicación previa de actos de uso do solo e subsolo non suxeitos á licenza municipal, requirindo que no prazo de 10 días hábiles a Deputación de Pontevedra achegue o modelo normalizado 514 VL-BIS de comunicación previa e a declaración expresa do cumprimento de ordenación urbanística.

Terceiro.- A vista do que antecede, o Centro Príncipe Felipe, con data de 21/09/2023 presenta a devandita documentación no rexistro electrónico do Concello.

1. NECESIDADE E IDONEIDADE*

O Centro Príncipe Felipe traslada a necesidade de acometer as obras de substitución do material de cubrición do Centro Infanto-Xuvenil Agarimo y Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe debido que a actual cuberta presenta diferentes problemáticas relacionadas con filtracións de auga, fisuras en material de cubrición que provocan desprendementos nos parámetros verticais e horizontais exteriores; deterioro de canalóns e baixantes interiores que producen filtracións e desprendementos de acabados interiores; presenza de baixantes exteriores non conectadas a arquetas de pluviais para a evacuación de auga, o cal provoca encharcamentos e danos nas fachadas da edificación.

En consecuencia, as necesidades a satisfacer coas obras proxectadas están relacionadas coa procura de melloras nas condicións de conservación, hixiene, salubridade e seguridade de utilización da edificación, así como da eficiencia enerxética.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expedientes (art. 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público), así como, os aspectos relacionados coa "natureza e extensión das



necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente”, a idoneidade desta contratación fundaméntase na:

- Lei 2/2016, 10 de febreiro, do solo de Galicia, artigo 135, referente aos deberes de uso, conservación e rehabilitación das construcións, edificios e instalacións.

2. SERVIZO SOLICITANTE*:

CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

Responsable do contrato:	Directora de obra Sara Piñón Esteban e directoras de execución María José Fernández Lamas e Verónica Chaves González
Responsable da Administración:	Ana María Soto Prieto

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES*:

Denominación do contrato:	Obras de substitución do material de cubrición do Centro Infante-Xuvenil Agarimo y Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe	
Obxecto e contido:	<p>O obxecto desta actuación consiste na realización das obras precisas para resolver os problemas de filtracións de auga, problemas ligados a humidades derivadas das filtracións nos encontros das cuberta, dos remates dos canalóns e das baixantes.</p> <p>O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como contrato de obras, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.</p>	
CPV:	45000000-Trabajos de construcción	
Lotes	<input type="checkbox"/> SI	
	<input checked="" type="checkbox"/> NON:	<p>Xustificación:</p> <p>A tenor do establecido no artigo 99.3.b da LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.</p> <p>Constitúen en todo caso motivos válidos de xustificación que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificulte a correcta execución desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do mesmo, por implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.</p> <p>No que respecta a súa división en lotes, se considera que as obras obxecto da presente actuación non poden ser divididas en lotes xa que ocasionarían dificultades tanto de carácter técnico como</p>



	<p>loxístico, principalmente tendo en conta que a actuación se leva a cabo nun único edificio.</p> <p>Isto implica que a división en lotes suporía un problema para a execución e a necesaria coordinación da obra, prolongando as actuacións e dificultando a correcta execución da mesma. É por todo o anterior polo cal considerase que as mesmas sexan unificadas nun único contrato, sen que tal condición sexa motivo de restrición da competencia no proceso de licitación.</p>
--	--

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA*:

Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA <input type="checkbox"/> URXENTE
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
Incluído no plan anual de contratación:	<input checked="" type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON

5. FINANCIACIÓN*:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2023	232.2312.632.03	303.758,70 €
	232.2312.632.03.2022	652.300,75€

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN*:

Prazo de execución/duración do contrato:	<p>O prazo de execución será de 6 meses dende o inicio da obra</p> <p>O inicio do prazo comezará a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo</p>
Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:

CONCEPTO	CUSTO
1. Orzamento de execución material	663.976,28 €
2. Gastos xerais (13%)	86.316,92 €
3. Beneficio industrial (6%)	39.838,58 €
4. Total orzamento de execución material (sen IVE)	790.131,78 €
5. IVE (21%)	165.927,67 €
TOTAL	956.059,45 €



XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS*

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está formulado en termos de prezos unitarios e determinados en base ao proxecto de obra, no que o técnico redactor xustifica que resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de acordo cos prezos xerais do mercado.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	
Ano 2023	790.131,78 €

8. RÉXIMEN DE PAGOS*:

Certificacións mensuais que comprendan a obra executada conforme ao proxecto durante dito período de tempo, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).

9. CLASIFICACIÓN DE CONTRATISTAS*:

<input type="checkbox"/> Obras (arts. 25 e 26 RD 1098/2001)	Grupo C Subgrupo 4 Categoría 3 Grupo C Subgrupo 7 Categoría 3
<input type="checkbox"/> Servizos (arts. 37 e 38 RD 1098/2001)	<input type="checkbox"/> SI : Non se esixe, en tanto pódese acreditar mediante a clasificación descrita. <input type="checkbox"/> NON: O código CPV propio do obxecto do contrato non ten correspondencia con ningún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, segundo o Anexo II do RD 1098/2001.
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	(Outros contratos ou para o caso de tramitación por procedemento aberto simplificado abreviado)

10. NATUREZA DA PARCELA URBANÍSTICA:

O edificio sitúase dentro do conxunto da Cidade Infantil Príncipe Felipe, sito na Avenida Montecelo número 16 en Pontevedra.

A edificación sitúase na parcela con nº de referencia catastral declarado 1773001NG3917S0001BT, en solo clasificado como solo de equipamento comunitario segundo o vixente PXOU.

O planeamento vixente no Concello de Pontevedra é o Plan xeral de ordenación urbana, que foi aprobado definitivamente o 18.12.1989 mediante Orde da Consellería de Ordenación Territorial e Obras Públicas, e polo tanto non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA). A parcela na que se sitúa o inmovible de referencia está clasificada como Solo Urbano, e cualificada como Equipamento.

Non existe alteración dos parámetros urbanísticos.



- Conforme ás definicións recollidas no Anexo I do *Decreto 143/2016, do 22 de setembro*, polo que se aproba o regulamento da LSG (RLSG), as obras que se pretenden levar a cabo teñen encaixe dentro da entidade de obras de Reforma.

- En virtude do art. 147.1 da LSG, os actos relacionados no art.142 que promovan os órganos das administracións públicas estarán suxeitos ao control municipal mediante a obtención da licenza municipal ou comunicación previa.

- Pola entidade das obras proxectadas, e conforme o estipulado polo Concello de Pontevedra e recollido no antecedente segundo, as ditas obras están suxeitas ao réxime de comunicación previa.

As obras a realizar, enténdense como actuacións de reforma da edificación, encamiñadas e necesarias na edificación para a correcta prestación da súa actividade, así como para dar cumprimento á normativa técnica de aplicación, sendo necesaria a redacción do proxecto básico e de execución de obra.

11. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN (MÁXIMO 100 PUNTOS):

Criterio:	Mellor relación calidade-prezo, aplicando criterios cualitativos e un criterio relacionado cós costes como o prezo
Xustificación:	<p>A mellora na porcentaxe do control de calidade permitirá aumentar o número de ensaio e controis na execución da obra; pola súa banda, o aumento do período de garantía facultará ao órgano de contratación a esixir ao contratista a reparación dos defectos de execución durante o tempo prorrogado.</p> <p>As empresas que acrediten un sistema con ISO 14001 (en relación coa xestión medioambiental) e 9001 (control de calidade) ou equivalente, permiten comprobar que na execución do contrato terán unha planificación, unha metodoloxía, un control da actividade e da calidade das actuacións, a prevención de incidencias, emerxencias ou problemas de calquera tipo; o que repercutirá nunha mellor calidade da obra o estar directamente vinculado con estas actuacións.</p>

12. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Para a identificación dunha oferta como anormal no seu conxunto terase en conta, a parte do prezo, estes criterios que teñen transcendencia económica:

Considérase que unicamente o criterio do prezo é o determinante para establecer o parámetro obxectivo que permita identificar o valor anormal da oferta, xa que o resto de criterios automáticos non teñen a incidencia suficiente para determinar a viabilidade da oferta.

Determinarase o umbral de temeridade segundo fórmulas establecidas

13. PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES:

Para a contratación das obras contempladas neste expediente, achégase o "*Proxecto básico e de execución das obras de substitución do material de cubrición do Centro Infante-Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe*", asinado electrónicamente polos Arquitectos D. Francisco Freire García e D. Víctor Vázquez Fernández.



En relación co art. 233.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cómpre sinalar que á vista das características técnicas do proxecto, **non se considera necesario a inclusión dun estudo xeotécnico**, dadas as características dos traballos a realizar.

14. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

A estrutura establecida no PCAP en defecto de previsión.

15. OBRIGAS ESENCIAIS:

- O deber de comunicar calquera incidencia que supoña un cambio nos prazos, programa de traballo ou modificación non prevista no proxecto.
- Os compromisos de medios materiais e humanos aos que se comprometeu a ou o contratista para a execución do contrato.
- Cumprir o plan de traballos. Non pode haber un atraso inxustificado en calquera das actividades por un prazo superior a un terzo do prazo de duración inicial do contrato.
- Realizar os traballos de acordo coas condicións fixadas como mínimas no prego de prescricións técnicas e de acordo coas características, condicións e calidades fixadas na oferta do contratista
- Elaborar o Plan de seguridade das obras, comunicar a apertura do centro de traballo e pedir as autorizacións que sexan pertinentes para poder executar a obra.
- Obriga da empresa adxudicataria de lle aplicar ao persoal que executará o contrato as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo sectorial e territorial vixente no que se encadra e desenvolve a prestación contractual, sen prexuízo de melloras sobre o disposto no mesmo.

A ou o contratista remitiralle á Deputación, cando así o solicite, o convenio colectivo de aplicación ao seu persoal e a documentación que acredite o pagamento e o cumprimento da normativa sinalada.

16. OBRIGAS ESPECIAIS:

- Cumprimento do disposto no Regulamento para un uso inclusivo das linguaxes na Deputación de Pontevedra (BOPPO número 229, de 29 de novembro de 2017), mediante o emprego dunha linguaxe oral, escrita e iconográfica incluínte e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

En toda a documentación, publicidade, imaxe ou material que se xere con motivo da execución do contrato, a empresa ou entidade adxudicataria deberá empregar un uso non sexista da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.



- Pagamentos a subcontratistas e provedores, os deberes derivados das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes en materia laboral, de protección de emprego, condicións de traballo, prevención de riscos laborais, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.

A ou o contratista remitiralle á Deputación, cando así o solicite, unha relación daquelas e daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato, xunto coas condicións de subcontratación e o xustificante de cumprimento dos pagamentos (carácter esencial para os efectos do apartado f) do artigo 211 da LCSP).

- Obriga da empresa adxudicataria de lle aplicar ao persoal que executara o contrato as condicións de traballo establecidas polo ultimo convenio colectivo sectorial e territorial vixente no que se encadra e desenvolve a prestación contractual, sen prexuízo de melloras sobre o disposto no mesmo (carácter esencial para os efectos do apartado f) do artigo 211 da LCSP).

A ou o contratista remitiralle a Deputación, cando así o solicite, o convenio colectivo de aplicación ao seu persoal e a documentación que acredite o pagamento e cumprimento da normativa sinalada.

- A empresa contratista ten a obriga de someterse á normativa nacional e da Unión Europea vixentes en materia de protección de datos.
- A empresa contratista, no caso de ter máis de 50 persoas traballadoras, ten a obriga de contar cun plan de igualdade conforme ao disposto no artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade de mulleres e homes, que remitirá á Deputación cando esta o solicite.
- A empresa contratista deberá garantir a paridade salarial entre as mulleres, os homes e outras persoas traballadoras con identidade ou condición sexual ou expresión de xénero diferente.

17. PENALIDADES:

INCUMPRIMENTO PARCIAL DA PRESTACIÓN OU CUMPRIMENTO DEFECTUOSO DA PRESTACIÓN:	PENALIDADE:
Falta leve: non remitir o libro de ordes cando sexa requirido pola Administración ou, noutro caso, coa certificación final.	2 % do prezo do contrato (IVE excluído)
Falta leve: non remitir a documentación de fin de obra.	2 % do prezo do contrato (IVE excluído)
Falta leve: non atender ao requirimento da Administración ante calquera incumprimento das condicións establecidas nos pregos ou na oferta.	10 % da certificación correspondente (IVE excluído)
Falta grave: a cesión en todo ou en parte do contrato, baixo calquera modalidade ou título, sen a previa autorización expresa do órgano de Contratación.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución.



Falta grave: a modificación do contrato, incluídos os prazos de execución, sen a previa autorización da Administración.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución.
Falta grave: a comisión de dúas faltas leves sobre as que existira resolución firme en vía administrativa.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución.
Falta grave: non atender ao requirimento da Administración para reparar a circunstancia que provocou a penalización por unha falta leve.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) ou resolución, ademais da sanción imposta pola comisión da falta leve.
Incumprimento das condicións esenciais e especiais.	30 % da certificación correspondente (IVE excluído) e/ou resolución cando teñan carácter esencial.
Penalidades polo incumprimento das condicións de subcontratar: Pola infracción das condicións establecidas nos pregos para proceder á subcontratación, así como pola falta de acreditación da aptitude da ou do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades	30 % do importe de cada subcontrato (IVE excluído)

Considerando. - O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando. - Que por Resolución da Presidencia co CSV):UJl2V36EQ8STZ9PO, de data 2 de agosto de 2023 e a Resolución da Presidencia co CSV):GSGl7J8RoJGSP7V7, de data 8 de agosto de 2023, delegáronse o inicio dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas

Dispoño,

Primeiro- Iniciar os trámites administrativos oportunos para proceder á :

- Aprobación do proxecto básico e de execución que se achega ó presente informe;
- Á licitación mediante un procedemento aberto e á adxudicación do contrato de obras de substitución do material de cubrición do Centro Infante-Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe.



Segundo.- Proponer á empresa Aquatica Ingeniería Civil SL (C.I.F.- B-36962314) para a adxudicación do contrato derivado do acordo marco que rexe a prestación do "Servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación" (Expte.2020014145), nos termos establecidos no acordo da Xunta de Goberno 11.29773 de data 18/12/2020, polo que se adxudicou o LOTE 4 de dito acordo marco, polos seguintes importes:

- Prezo para a elaboración do informe ó Plan de seguridade e saúde para proxectos de obra cun PEM>200.000,00€: 214,39€ (IVA incluído)
- Prezo mensual para traballos con comprendido entre 600.000,00€< PEM<1.000.000,00€: 961,43€ (IVA incluído)

Terceiro.- Remitir ao servizo de contratación a presente providencia de inicio a que se achega a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e elévese ao órgano de contratación para a súa aprobación.

- Proxecto básico e de execución da obra de substitución do material de cubrición do Centro Infantil Xuvenil Agarimo e Almacén Xeral do Centro Príncipe Felipe.
- Informe de supervisión do proxecto CSV: 3RV2GX9SWDQANI4C
- Informe de supervisión complementaria do proxecto CSV: :0E1KP1GCHE8IN4oV

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.